

PLANTA PRIMEIRA



XEODIVERSIDADE



A xeodiversidade abórdase unha primeira parte con unha mostra de minerais de diferentes clases e procedencias xeográficas, que inclúe mais de 350 exemplares pertencentes a colección Viqueira, con excelentes formas de cristalización, ata xemas e mais de 200 especies minerais procedentes de Galicia e América. Para rematar a sección de minerais non podía faltar un dos tesouros deste museo, a colección de modelos de madeira que representan as formas de cristalización das especies minerais. Esta colección foi elaborada no século XIX baixo a dirección de René-Just Haüy, fundador da Cristalografía



PLANTA PRIMEIRA



XEODIVERSIDADE

2 ROCHAS

As rochas preséntanse distribuídas en tres vitrinas, de acordo coa súa orixe. Dentro do grupo de rochas ígneas, hai exemplares dos tres tipo principais: as rochas volcánicas, as plutónicas e as filonianas. De forma semellante, dentro das sedimentarias hai mostras de orixe vexetal, como o lignito, a antracita e a turba e conglomerados compostos por mesturas de diferentes minerais e rochas. Unha boa parte das rochas metamórficas expostas foron recollidas nos Alpes Suízos polo ilustre xeólogo galego D. Isidro Parga Pondal. Completase este apartado cunha colección de rochas galegas, colocadas nunha vitrina cun fondo do mapa xeolóxico de Galicia.



PLANTA PRIMEIRA



XEODIVERSIDADE



Despois dunha breve explicación sobre o proceso de fosilización e os diferentes tipos de fósiles que existen, pódese facer un percorrido no tempo, desde o Paleozoico con exemplares de trilobites, crinoideos, fentos, etc., ao Mesozoico, para rematar no Cenozoico con importantes exemplares como o do cetáceo *Globicetus hiberus* ou os restos de mamut atopados na provincia de Lugo. Ocupando un lugar destacado entre os fósiles está unha réplica exacta dun *Velociraptor mongoliensis*, emparentado coas aves que ten enfrente, pertencentes a sala da Biodiversidade.



PLANTA PRIMEIRA




XEODIVERSIDADE

4

METEORITOS

Sobre unha imaxe do sistema solar, coa Terra como elemento destacado, preséntanse distintos meteoritos situados de acordo coa súa procedencia



PLANTA PRIMEIRA



5 O SOLO

Nesta sala dáse a coñecer o solo, un dos principais recursos naturais do planeta que, xunto co aire e a auga, constitúe a base da vida na Terra. O elemento central desta sala é unha reprodución artificial dun tipo de solo formado a partir dunha rocha granítica, nun clima temperado húmido, que podemos atopar con frecuencia en Galicia. Ofrécese tamén imaxes de diferentes tipos solos que hai en Galicia, como mostra da edafodiversidade galega

